

ACTA

En Arzúa, a 1 de xullo de 2016

Sendo as 9.30 horas reunense no Salón de Comisións da Casa do Concello, os membros integrantes do Tribunal Cualificador, que realizará as entrevistas, aos aspirantes que compareceron a realizar este trámite, dos vintenove que resultaron admitidos definitivamente no concurso convocado, para seleccionar á persoa que desempeñará o posto de traballo de **Axente TIC, para a Aula CeMIT** deste concello, durante un período de tempo que comprenderá ata o remate do programa para cuxa execución é necesario realizar este proceso de selección, que remataría o día 31 de decembro de 2016, e iso, de conformidade coas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 12 de abril de 2016.

Asisten a esta reunión os seguintes catro integrantes do Tribunal Cualificador:

* Presidente: Javier María López Rodríguez, Coordinador TIC no Instituto de Educación Secundaria de Arzúa.

* Secretario: Juan Colmenares López-Soldado, Secretario do Concello de Arzúa.

* Vogais:

- María Esther Vidal Pandelo, Traballadora social do Concello de Boimorto.

- María Teresa Gómez Cea, Educadora familiar do Concello de Boimorto

E visto que existe o quorum suficiente para a válida constitución do Tribunal Cualificador, de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común, o presidente procedeu a declarar constituído dito Tribunal.

Deseguido o Tribunal -por unanimidade dos catro membros- decidiu concretar cal sería a cuestión que cabería formular aos tres aspirantes que compareceron a realizar as entrevistas persoais; tendo en conta para iso:

a) Que a puntuación máxima que procede outorgar nesta fase segunda do concurso convocado, sería de 2,5 puntos, e

b) Que esas entrevistas persoais versarán sobre o currículo vitae do aspirantes e a adecuación e coñecementos dos mesmos en relación co posto de traballo de Axente TIC da Rede Cemit.

Sendo esa cuestión a seguinte: Explica que plan de traballo elaborarías para a Aula de informática, desde o punto de vista da dinamización social e das ferramentas de traballo axeitadas para iso.

Unha vez fixados os termos en que se realizarían as entrevistas persoais, procedeuse a chamar aos aspirantes convocados, polo mesmo orde en que figuran rexistradas as súas instancias no Rexistro Xeral do Concello.

E así, tras considerar as respostas dadas polos tres aspirantes -por unanimidade dos catro membros do Tribunal Cualificador- outorgáronse as seguintes puntuacións:

Nome e apelidos	Entrevista
María Paz López Ponte	1,75
Alba Rial Moure	1,25
Carlos Antonio Gómez Mariño	2

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas aos tres aspirantes citados, formulouse a cuestión de se procedía ou non considerar eliminados aos restantes vintetres aspirantes que non compareceron a realizar estas entrevistas. E

Resultando:

a) Que como esta situación non estaba prevista nas Bases que rixen este concurso.

b) Que na Base 11ª se establece que *“O Tribunal de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento deste procedemento de selección, en todo o non previsto nas presentes bases”*.

O Tribunal Cualificador -por unanimidade dos seus membros integrantes- adoptou o criterio de concretar que os vinteseis aspirantes que non realizaron as entrevistas serán considerados como “non presentados”, pero que non se lles podería declarar eliminados, xa que estamos ante un proceso de selección por concurso e non por oposición, e en ningunha das bases se di que as entrevistas teñen que ter carácter obrigatorio nin eliminatorio.

Tras todo o exposto o Tribunal Cualificador -por unanimidade dos seus catro membros- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Concretar que a puntuación acadada por cada un dos vintenove aspirantes que resultaron admitidos definitivamente neste proceso de selección, sería a seguinte, ata este momento do proceso de selección, e a falta do computo da valoración do terceiro exercicio:

Nome e apelidos	Valoración de méritos	entrevistas	Total
Roi Rigueira Agromartín	2,75	Non presentado	2,75
María Paz López Ponte	7,5	1,75	9,25
Beatriz González Vázquez	7,5	Non presentado	7,5
José Ramón López Fortes	2,5	Non presentado	2,5
Cristina María Cendán García	4,5	Non presentado	4,5
José Vicente Vilaboy Saa	7,5	Non presentado	7,5
Miguel Ángel Rial Quintela	12,35	Non presentado	12,35
Óscar Fenández Clapés	19,5	Non presentado	19,5
Ricardo Piñeiro Suárez	2,5	Non presentado	2,5
Roberto Carlos Iglesias Mosquera	2,5	Non presentado	2,5
Luís Campos Varela	2,5	Non presentado	2,5
Iván Blanco Díaz	5	Non presentado	5
Gaspar Domínguez Méndez	16,65	Non presentado	16,65
Mauricio Carreño López	6,5	Non presentado	6,5

Agustín Manuel Antelo Amigo	11,75	Non presentado	11,75
Martín Rodríguez Pardo	11,7	Non presentado	11,7
Olalla Calvelo Rico	19,5	Non presentado	19,5
María Jesús Modia Ares	5,5	Non presentado	5,5
María del Carmen Prieto Rojo	12,15	Non presentado	12,15
Luis Antonio Gómez Capellín	11	Non presentado	11
María González Barco	3,55	Non presentado	3,55
Marta Pérez Seguí	9,25	Non presentado	9,25
Alba Rial Moure	9,5	1,25	10,75
Rebeca Sánchez Andrade	15	Non presentado	9,5
Marcos Viqueira García	7,5	Non presentado	7,5
Beatriz Cortegoso Álvarez	5	Non presentado	5
Eliana Bouzas Collazo	21,5	Non presentado	21,5
Laura Gutiérrez Pérez	5	Non presentado	5
Carlos Antonio Gómez Mariño	7,5	2	9,5

Segundo.- Concretar que a proba sobre coñecementos do idioma galego, só a terán que realizar os catro aspirantes seguintes: José Ramón López Fortes, Luis Antonio Gómez Capellín, María González Barco e Marta Pérez Seguí, por canto que -a diferenza dos vinte e cinco aspirantes restantes- non acreditaron estar en posesión do Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia; o cal supón que a eses vinte e cinco aspirantes se lles outorgará unha puntuación de 2,50 puntos no exercicio de coñecementos do idioma galego.

Terceiro.- Convocar aos catro aspirantes citados que non acreditaron estar en posesión do Celga 4 ou equivalente, para que comparezan a realizar ese terceiro exercicio o vindeiro martes día 5 de xullo ás 9.00 horas, no Salón de Comisións da Casa do Concello, facéndolles saber que dito exercicio consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal Cualificador, durante un tempo máximo de 30 minutos, sen axuda do dicionario.

Cuarto.- Facer saber a todos os aspirantes que a puntuación final deste proceso de selección virá determinada pola suma da puntuación obtida no concurso (valoración de méritos e entrevista) e na acreditación do coñecemento do idioma galego.

Sendo esa puntuación a que determine cal será o aspirante que o Tribunal Cualificador propón para ser nomeado polo alcalde, para desempeñar o posto de traballo de Axente TIC.

O cal se reflectirá na acta que se estenda cando se realice o exercicio de galego previsto para o vindeiro 5 de xullo, publicándose dita acta no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páx. Web do concello para coñecemento dos aspirantes e aos efectos da súa notificación.

Quinto.- Realizar a matización de que a valoración que se realizou do exercicio sobre coñecementos do idioma galego na acta da reunión que celebrou o Tribunal Cualificador o día 27 e 28 de xuño (continuación da do anterior día), só debe entenderse a título informativo, dado que esa valoración teríase que computar non naquel momento senón na sesión do vindeiro día 5 de xullo, unha vez que realicen o exercicio sobre coñecemento do idioma galego os catro aspirantes que non

acreditaron o Celga 4 ou equivalente, dado que esa proba se valorará ata un máximo de 2,50 puntos.

Co cal douse por rematado o acto, as 13.10 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscribita polos membros do Tribunal Cualificador e para constancia no expediente; do que dou fe.